

Debates actuais na teoría literaria feminista

Manuela Palacios González

RESUMO

O propósito deste artigo é, segundo se anuncia, establecer un diálogo co exposto por Carmen Blanco en *Nais, damas, prostitutas e feirantas* (1995), co fin de retomar as súas ideas e continuar o debate achegando novos matices á luz das teorías feministas dos últimos anos. Cuestiónanse algunhas propostas como a denuncia dunha estética patriarcal nos textos dos homes escritores e a subxacente defensa dos textos escritos por mulleres pola súa veraz representación da experiencia feminina, aspectos baseados no determinismo biolóxico.

ABSTRACT

The aim of this article is to engage in a dialogue with the text *Nais, damas, prostitutas e feirantas* (1995), by Carmen Blanco, so that Manuela Palacios enriches this discussion taking into account the new contributions of the recent feminist theories. She also questions some aspects based on the biological determinism, such as the rejection of the patriarchal aesthetics which characterizes the texts written by men and the underlying defence of texts written by women because of their supposed truthful representation of the feminine experience.

Este artigo pretende establecer un diálogo con outro texto, o libro de Carmen Blanco *Nais, damas, prostitutas e feirantas* (Xerais, 1995); non se trata polo tanto dunha recensión tradicional que avalía, xulga, loa ou censura –algo máis propio do momento da publicación– senón de retomar as ideas presentadas pola autora e continuar o debate por ela iniciado á luz das diversas teorías feministas dos últimos anos.

Carmen Blanco propón unha análise de certos prototipos femininos na obra de R. Otero Pedrayo, E. Blanco Amor, R. Carballo Calero, Á. Cunqueiro, Celso Emilio Ferreiro e X.M. Díaz Castro. A mesma selección de autores merece un comentario pola nosa parte. ¿Cal é o presuposto teórico que nos leva a escoller a obra de homes escritores para analizar a figura da muller? ¿Representan os homes nos seus escritos o feminino dun xeito particular ou diferente ó empregado polas mulleres escritoras? Non parece doado atopar unha resposta única e válida para tódolos casos das literaturas en diversas linguas e culturas. Aceptar que un home

por ser varón constrúe o feminino nos seus textos de xeito distinto ó empregado por unha muller indica un determinismo biolóxico do que as mulleres tentamos liberarnos. O feito de nacer home ou muller non debería determinar o noso xeito de apprehender a realidade.

O que si marca a nosa interpretación do mundo é a ideoloxía. Carmen Blanco sinala de xeito explícito unha coincidencia ideolóxica entre os escritores que seleccionou: a súa estética patriarcal. Por esta razón, afirma que os textos por ela analizados “confrontan sempre mulleres e patriarcas”. Esta oposición binaria resulta estraña pola súa mestura do biolóxico co ideolóxico. O termo “mulleres” semella neste contexto unha categoría “natural”, libre de cargas ideolóxicas, mentres que o termo “patriarcas” semella incluír ós varóns –na súa oposición a “mulleres”– e adxudícalles un matiz ideolóxico: o da opresión. Tamén pode quedar a dúbida de se a oposición se refire a mulleres-personaxes de ficción fronte a patriarcas-escritores (“pais das letras”). Podería resultar paradoxal que un constructo ficticio leve o termo que designa o “natural” ou biolóxico, mentres que a persoa do escritor leva o termo cultural e ideolóxico.

É ben sabido que a linguaxe non é inocente. A categoría de “muller” é problemática. A crítica feminista distingue entre o termo que se refire ó sexo biolóxico –muller, ou femia– e o termo que se refire ó constructo cultural de características asociadas coa muller: feminino. Esta é unha distinción operativa e imprescindible para evitar certos determinismos biolóxicos anteriormente sinalados, pero ten as súas limitacións, pois a nosa percepción do “sexo” ou do corpo non está libre de trazos culturais. O corpo ven ser como un significante, unha construción formal, que só podemos comprender cando facemos uso dos significados que a nosa cultura nos proporciona. Estes significados varían tanto dunha cultura a outra, dun momento histórico a outro, por razóns raciais, de clase social, de orientación sexual, de posicionamento político, etc. que o termo “muller” resulta inestable. Así, moitas feministas optan pola forma do plural “mulleres”, en recoñecemento desta diversidade, aínda que o problema de base segue a ser o mesmo: ¿cal é a característica común a todos estes seres ós que alude a palabra “mulleres”? Con isto quero dicir que a forma do plural non é menos esencialista que a do singular.

Pois ben, se comunmente é o corpo cuns órganos sexuais determinados o que todos estes seres teñen en común, e se aceptamos que a percepción do corpo varía segundo os parámetros culturais que sinalamos anteriormente, podemos deducir que esencialismo (a crenza nunhas propiedades fixas que definen a identidade) e construcionismo (termo que eu prefiro ó da tendencia artística do Constructivismo, e co que se alude á posición de que a diferenza sexual non é innata senón construída culturalmente) son aproximacións interdependentes. Como ben demostra Diana Fuss no seu libro *Essentially Speaking: Feminism, Nature & Difference* (Londres : Routledge, 1990) mesmo teorías construcionistas como a psicanálise e a deconstrución funcionan con conceptos esencialistas. Fuss, en cambio, que prefere falar de “esencialismos”, no plural, para distinguir entre as diversas finalidades ideolóxicas coas que se recorre ás devanditas propiedades fixas, non atopa na bioloxía do corpo a esencia real común a tódalas “mulleres”, senón que para ela o trazo común é a convención lingüística que nos proporciona este termo de clasificación, “muller”, termo que a crítica feminista

adopta pola súa operatividade no seu proxecto político. A palabra “muller” pasa a ser unha esencia nominal. Con estas dúas aproximacións a polémica está servida. A obra de Luce Irigaray e Monique Wittig pode ser representativa de cada unha delas respectivamente.

Nais, damas... está na liña do libro de Kate Millett *Sexual Politics* (Londres, 1971) onde se analizan as relacións de poder entre os sexos e se denuncia a idealización do falo por parte de escritores como, por exemplo, D.H. Lawrence ou mesmo Freud. Este estudio de Millett era resultado dos desafíos que os anos sesenta propuxeron as autoridades de diversos eidos sociais e supuxo un paso adiante na conciencia feminista e na política de liberación. Carmen Blanco enche un baleiro neste tipo de análises da literatura escrita en galego. O feito de que o seu estudio se publique en 1995 non o fai anacrónico porque cada sociedade ten o seu propio *tempo*. Dificilmente podemos demandar estudos postmodernistas sobre a crise da subxectividade se non pasamos por etapas previas e imprescindibles de recoñecemento da diferenza sexual. Dificilmente podemos deconstruír a identidade feminina se non hai conciencia desta categoría. A mesma Carmen Blanco alude á “multiforme diversidade humana, feminina ou masculina, acochada máis alá dos patróns xenéricos”, que sen dúbida será obxecto de moitos estudos aínda por vir.

Á análise da estética patriarcal sucedeulle, no eido da crítica anglo-norteamericana, o estudio das mulleres escritoras. Un libro de referencia nesta, segunda corrente da crítica feminista é o de Elaine Showalter, *A Literature of Their Own* (1977). Tamén Carmen Blanco fixo valiosas contribucións a esta aproximación á literatura: *Literatura galega da muller* (1991), *Escritoras galegas* (1992), *Libros de mulleres* (1994) e *O contradiscurso das mulleres* (1995). Comunmente, o estudio das mulleres escritoras tenta amosar como os seus textos recollen a experiencia da muller: as súas preocupacións, as súas esixencias, a súa reflexión sobre a identidade feminina. Aparentemente estas dúas aproximacións –a denuncia dunha estética patriarcal nos textos escritos por homes por unha banda e por outra a defensa dos textos de mulleres pola súa representación veraz da experiencia feminina– poderían semellar opostas, e sen embargo ámbalas dúas poden ter consecuencias políticas non desexables polo determinismo biolóxico no que se basean. Claro que se pode argumentar que non hai ningunha estratexia crítica libre de posibles implicacións políticas inoportunas.

Tanto o estudio dos textos de escritores que fan unha representación “falsa” da muller coma o das escritoras que fan unha representación veraz teñen en común a idea da fiabilidade da literatura na súa representación da realidade. Carmen Blanco reconece que a metáfora do espello é problemática: “A literatura é [...] un espello que reflecte a vida pero que tamén axuda a creala e modificala”. O espello adoita desempeñar un papel pasivo, subordinado, o de reflectir a vida, polo que vai a remolque da realidade. O espello non pode cambiar nada –a menos que esteamos a falar do espello deformante de Valle Inclán. Sen embargo, a literatura non vai subordinada á realidade, a literatura é un factor máis da realidade, é un discurso entre outros discursos que conforman o que damos en chamar “realidade”. Por esta razón pódese actuar sobre outros discursos e modificalos. Cando falamos dunha representación verdadeira ou falsa da realidade, temos que especificar cales son os discursos que estamos comparando, pois non hai realidade á marxe

do discurso (emprego o termo “discurso”, como Foucault, no sentido amplo de construción cultural). Comentarios de que un texto non representa –e o termo “representación” corre os mesmos perigos que o do “espello”– “á muller real” parecen remitirnos a unha verdade sobre as mulleres que está fóra da linguaxe, na natureza. Eu penso que a literatura, tanto escrita por homes coma por mulleres, é un espacio de loita de intereses no que cada discurso defende os seus privilexios, as súas demandas, aspiracións, etc. Sempre parece haber un discurso que predomina sobre outros emerxentes, pero o texto é inestable, é un *locus* de opresión, pero tamén de resistencia. Esta inestabilidade é unha condición esperanzadora para as feministas, e en xeral para as persoas que loitan polo cambio. A inestabilidade amosa unha fisura no discurso opresor e pon en evidencia que as construcións culturais non son atemporais e eternas.

Do mesmo xeito, opino que a relación entre crítica e literatura non é de subordinación da primeira con respecto á segunda. O texto literario non agocha unha verdade esencial que só algúns lectores privilexiados poden descubrir para logo transmitir ó público *amateur*. A crítica dialoga co texto literario, e deste diálogo xorde a posibilidade de novas lecturas, de crear novos significados. Aspectos que no pasado pasaron desapercibidos, por non figuraren entre as preocupacións prioritarias do público, poden adquirir vital importancia no presente. Poderíamos dicir que o discurso crítico crea o texto literario, ou que este último se “re-crea” en cada acto de lectura. Por esta razón, subscribo a afirmación de Carmen Blanco: “...as novas lecturas feministas mostran trazos xenéricos que iluminan aspectos literarios ocultos ou invisibles desde outras ópticas interpretativas”. Outra cuestión a analizar é se o aspecto concreto é “invisible” ou se unha óptica interpretativa determinada se quere tapar os ollos ou taparlllos ó público.

Así, por exemplo, Carmen Blanco identifica prexuízos androcéntricos na crítica de *Arredor de sí*, de R. Otero Pedrayo, cando estes estudos insisten “no carácter innecesario de todos os personaxes femininos”, ou ben afirman que estes personaxes carecen de funcionalidade. Carmen Blanco atopa unha función “evidente” (as miñas comiñas, nin sequera a crítica pode escapar ó feitizo da linguaxe metafórica, como nos recorda Derrida, fascinado tamén pola metáfora da visión) a función de impulsar a evolución ideolóxica do protagonista. Supoñamos que alguén sospeita que Carmen Blanco pode abrigar prexuízos feministas. Preguntarase: ¿pero estes personaxes femininos teñen ou non unha función? A tentación é crer que a solución, a verdade, está no texto. Pois ben, eu penso que non hai lecturas inocentes. Esta función dos personaxes atoparase ou non segundo a carga ideolóxica coa que nos aproximemos ó texto –emprego o termo “ideoloxía” non como doutrina externa que aceptamos ou rexeitamos, senón, seguindo a Althusser, como as crenzas e prácticas que conforman os nosos pensamentos e accións. O que eu pediría é que poñamos todos a baralla sobre a mesa, que xoguemos limpo: non hai lecturas obxectivas, definamos desde un principio o marco teórico desde o que falamos. Carmen Blanco afirma defender intereses feministas. ¿Que intereses defenden e perpetúan os outros críticos?

Unha omisión semellante da relevancia dos personaxes femininos é a sinalada por Shoshana Felman no influente artigo, “Woman and Madness: the Critical Phallacy” (*Diacritics*, 5). A crítica ignorou o papel da muller en *Adieu*, de Balzac, e relacionou o realismo deste autor coa súa presentación dos papeis masculinos e

o mundo da razón. Felman defende que unha lectura feminista alternativa, que analice o tema da loucura da muller como resistencia desta ó seu papel de espe- llo da identidade masculina, resulta nunha consideración do texto de Balzac moi distinta: un texto que explora os límites do realismo e da racionalidade. A rela- ción entre xénero –masculino/feminino– e xénero literario (aspecto que ás veces leva a confusións en *Nais, damas...*, e que se complica co adxectivo “xenérico” no sentido de “xeral”) ou tendencia literaria ten sido moi fructífera na crítica feminista. De feito, Carmen Blanco tamén baralla a interesante hipótese de que certos tipos de personaxes femininos en *Arredor de sí* van vinculados a diferen- tes xéneros literarios: *Bildungsroman* novela de tese, e ensaio. No caso defendi- do por Felman, sen embargo, poderíase caer no perigo de reproducir a diferen- ciación patriarcal que reduce o feminino á incoherencia. O rexeitamento da racio- nalidade masculina pode reinscribir o feminino como loucura marxinal ou como un sensentido. No lugar de reafirmar as fronteiras das clasificacións literarias, Mary Jacobus propón en *Women Writing and Writing About Women* (1979) que analicemos a precariedade destas fronteiras, o poder transgresor que resulta de centrar o que antes era marxinal. A transgresión revela aspectos que o xénero lite- rario non pode incluír dentro dos seus confíns lexítimos. A advertencia é, por tanto, que xunto á revisión das funcións dos personaxes femininos pode ser necesaria unha revisión da configuración do xénero literario.

De xeito similar, a análise de prototipos femininos pode ter efectos contrapro- ducentes ó perpetuar estes tipos de personaxes –ou mesmo crealos, se nun afán por diferencialos mitigamos a súa complexidade–. Unha cuestión é que certos escri- tores empreguen clichés na súa caracterización dos personaxes e outra é que a nosa denuncia corra o perigo de cimentar estes estereotipos. Na miña opinión, non chega con poñer en evidencia os prexuízos machistas do escritor na súa creación destes prototipos, senón que cómpre desestabilizalos, expoñer a súa arbitrarieda- de, as contradicións e as fisuras, como constructos sociais que responden a uns intereses concretos. Así, por exemplo, a oposición da morena e a loira é cualifi- cada polo narrador de *Arredor de sí* como “unha morena ardente ou unha loira branca e sabida”, e Carmen Blanco refírese a esta oposición como “dous dos modelos eróticos básicos da cultura occidental: a morena sensual e a loira cere- bral”. É ben doado pensar noutros moitos exemplos nos que morena e loira inter- cambian estes atributos, polo que máis que apontoar estas categorizacións cóm- pre deconstruílas atendendo ós recursos simbólicos que inscriben o feminino.

Gustaríame rematar este diálogo con *Nais, damas, prostitutas e feirantas* cunha cita de *The Mill on the Floss* (*O muíño do Floss*), de George Eliot, no que a pro- tagonista desestabiliza a construción literaria da oposición morena e loira: “Estou decidida a non ler máis libros nos que as mulleres loiras arramplen con toda a felicidade. Debería comezar a sentir prexuízos contra elas. Se me poideses dar algunha historia, por exemplo, na que triunfe a muller morena, restablecería- se o equilibrio” (a miña tradución).

Manuela Palacios González